



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE XANEIRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00000418V.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas.

2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/98/2020.

Licenza urbanística venda de combustible polo miúdo en rúa Polonia, 6 (procedemento integrado IN642A-98).

Acórdase conceder a PLENOIL, S.L., licenza de obra nova para a construción de instalacións de venda polo miúdo de combustible en réxime desatendido na Rúa POLONIA, 6 do polígono de Costa Vella, segundo proxecto técnico, cun orzamento de execución material de 334.443,65 euros. As actuacións consistirán na instalación de unidade de subministro de gasóleo e gasolina con zona de almacenamento de combustible e repostaxe (3 surtidores), marquesiña con 280 m² e caseta de 19,80 m² dunha planta con oficinas, área de vending, caixeiro e aseos, aparcamento e monolito de prezos cunha ocupación de 1.152 m². A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza Zona E2 do Plan Parcial do SUNP-37 1º sector.

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LIC/1077/2020.

Licenza de obra nova para nave industrial na rúa Estremadura, 2-País Vasco 4.

Acórdase conceder a SUMINISTROS CALEFÓN, S.L., LICENZA DE OBRA NOVA para construción de nave industrial sen uso definido na en Parcela G3c01i e G3c01j Rúa do País Vasco 49 e Rúa Estremadura 2, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) , segundo proxecto modificado; cun orzamento de execución material de 55.674,52 euros. A actuación consistirá na construción dunha nave de uso industrial sen actividade definida, de planta soto e tres plantas (B+2), cunha ocupación en planta de 3.854,03 m², altura de 12 metros e superficie construíble total de 8.275,30 m² (superficie útil de 7.741,19 m²). A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza *Ordenanza 3. Edificación Semiadosada. Variante 3C do Plan sectorialm2*.

4. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: XPL/20/2019.

Rexeitamento do recurso de reposición interposto por URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S.L. contra o acordo adoptado o 7 de setembro de 2020, relativo ao inicio da vía de constrinximento para a recadación das cotas de urbanización adebedadas pola citada Entidade á Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-3 de Ponte Pedriña

Acórdase rexeitar o recurso de reposición interposto por URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S.L. contra o acordo adoptado o 7 de setembro de 2020, que se confirma en todos os seus termos.

Con data 18 de decembro de 2019, a persoa que representa á Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-3 (Ponte Pedriña) solicitou do Concello de Santiago que exercite a vía de prema para o cobro das cantidades adebedadas á Xunta polo xunta compensante URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S.L., que ascenden a 142.979,38 euros, en concepto de cotas de urbanización da parcela PR-5, adxudicada á citada mercantil no proxecto de compensación do polígono.

A Xunta de Goberno, en sesión do día 7.09.2020, deu resposta ás alegacións formuladas por URBAN no trámite de audiencia, e adoptou o seguinte acordo:

- *Autorizar o exercicio da vía de constrinximento para a recadación das cotas de urbanización adebedadas por URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S.L. á Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-3, por importe de 142.979, 38 euros.*
- *Declarar o incumprimento do deber de urbanizar contraído por URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S.L. no procedemento de concesión da licenza de edificación anticipada da parcela PR.5 do polígono 2 do SUP-3 (LIC/1643/2007), para os efectos de acordar, se procede, a incautación das garantías constituídas no citado procedemento polo importe necesario para financiar o remate das obras de urbanización pola Xunta de Compensación do polígono.*

O acordo notificouse persoalmente á Xunta de Compensación, a URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S.L., ao avalista (Banco Popular Español, na actualidade Banco Santander S.A.), e á COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SEGUROS E REASEGUROS DE CRÉDITO E CAUCIÓN S.A.. Así mesmo publicouse no BOE do día 23.10.2020 edicto de notificación a LVBTA SUSCRIPCIÓN S.L.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/44/2020.

Aprobación do expediente denominado Subscrición das pólizas de seguro da flota de vehículos propiedade do Concello de Santiago de Compostela. CON/44/2020.

Apróbase o expediente denominado Subscrición das pólizas de seguro da flota de vehículos propiedade do Concello de Santiago de Compostela e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 70.000 euros exentos de IVE. O importe resultante desta contratación satisfarase con cargo aos orzamentos do Concello de Santiago de Compostela, aplicación orzamentaria 030 92000 2240100, tramitándose como anticipado de gasto, xa que o inicio da vixencia da póliza non terá efectos ata o vindeiro ano, e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no exercicio orzamentario 2021.

Anualidade 2021: 35.000 euros.

Anualidade 2022: 35.000 euros.

Unha vez o crédito sexa habilitado ou se atope en situación de dispoñible, polo Servizo de Contratación someterase proposta a esta Xunta do Goberno de aprobación do gasto, sempre tras ser sometida á fiscalización previa da Intervención municipal.

6. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00000381A.

Dación de conta de sentenza 196/2020

Dáse conta da sentenza de obxecto “multa e retirada de puntos por infracción grave (foto-rojo. A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación; e estima as alegacións municipais.

7. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00000380W.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no PO 226/2018 do CA2

Dase conta da sentenza nº 252/2020, de obxecto “decreto polo que se ordena a retirada do sistema de ventilación en restaurante situado no casco histórico. A sentenza é parcialmente favorable para o Concello, recorrible en apelación. O demandante tiña solicitado licenza de actividade e obra para restaurante na Rúa Fonte de Santo Antonio. A concesión viña condicionada pola presentación dunha solución para a saída de gases que fose compatible coa normativa aplicable. O demandante presentou “só” un plano, sen memoria, no que se describía a solución aplicada, segundo aquel seguindo as indicacións da funcionaria técnico municipal. Finalmente, o arquitecto municipal informou en contra desta solución, ao non resultar compatible coa normativa de protección do patrimonio histórico.

A sentenza ven a dicir, en primeiro lugar, que existen obras que non se axustan á licenza concedida, polo que coincide co arquitecto municipal en que a licenza non as ampara. Tampouco admite o xulgado que a solución aplicada fose consensuada cunha funcionaria municipal, xa que estaríamos ante unha mera alegación carente da mínima proba. Nin que dita solución sexa a única “tecnicamente posible”. Sen embargo, con respecto a eventual legalización das obras, o xulgado considera que está xustificada o cumprimento da normativa de rúidos; e no que se refire á normativa de protección do patrimonio, a negativa municipal non está suficientemente motivada, polo que anula a orde de derruba outorgando ao demandante a posibilidade de que poida legalizar as obras executadas, sen prexulgar esta cuestión.

8. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00000373H.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no PO 222/2018 do CA2

Dase conta da sentenza nº 251/2020, de obxecto “declaración de caducidade da licenza de café-bar. A sentenza é parcialmente desfavorable para o Concello, recorrible en apelación. Aínda que o proceso ten como obxecto principal as resolucións (declaración de caducidade e de ineficacia de comunicación previa para obras; e desestimación do recurso de reposición) ditadas pola paralización, por peche administrativo, do local; o recurso fundaméntase tamén no feito de que o expediente de disciplina, polo que se ordenou o citado peche, foi notificado ao arrendatario do local (que exercía a actividade) pero non ao demandante, que era o titular da licenza. A sentenza ven a dicir que este, como interesado coñecido pola Administración, debeu ser notificado da tramitación de dito expediente de disciplina para alegar o que ao seu dereito interesase; e non sendo así xeróuselle indefensión, non xustificada polo coñecemento extraprocesual que aquel podería ter da tramitación dese expediente. Por estas razóns, a sentenza só estima o recurso no que se refire á caducidade da licenza; pero non á caducidade da comunicación previa das obras, onde si estima as alegacións municipais, desestimando o recurso contencioso.

9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00000388X.

Dación de conta de sentenza 279/2020 no procedemento abreviado 148/2020 CA2

Dase conta da sentenza nº 279/2020, de obxecto “denegación axudas sociais 2017”. A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación. Sinala que estes traballadores que interpuxeron a demanda, subrogados como persoal fixo, veñen percibindo as retribucións do convenio colectivo de orixe (oficinas técnicas) porque o xulgado do social “entendeu” que a lenda “non conforme” nos seus contratos de traballo implicaba o seu desexo de seguir rexéndose por ese convenio alleo á Administración, repudiando o Convenio colectivo municipal.

Sen embargo, e logo de obtido esas retribucións, solicitan tamén que o Concello lles abone as axudas sociais, previstas e reguladas no convenio que expresamente teñen rexeitado. O xulgado do contencioso non entra nesta cuestión de “conflito da norma de aplicación”, ao constar acreditado que o Concello ven aplicando a estes traballadores o Convenio municipal en materia de permisos, xornada, vacacións, etc. Certamente, e como di a sentenza, o Concello non pode negar as axudas con ese argumento; e ao mesmo tempo aplicarles o Convenio propio para os outros efectos. Estamos ante unha actuación municipal absolutamente incongruente, e por esta razón o xulgado termina estimando a demanda, recoñecendo a estes empregados o seu dereito de acceso as axudas sociais.

10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00000384Y.

Dación de conta de sentenza recaída no procedemento abreviado 427/2018 CA1

Dase conta da sentenza nº 195/2020 de obxecto “cese do posto de xefatura de negociado da Asesoría Xurídica”. A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación, ao ter solicitado a outra parte, no acto de xuízo, complemento de senteza.

11. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2020/00006757S.

Dación de conta de sentenza de 16.12.2020 recaída no PA 206/2020 CA2

Dase conta da sentenza, de obxecto “recurso contra Decretos do 2.01.2020 que desestiman recursos de reposición contra as sancións impostas por infracción do deber de presentar a

autoliquidación do IIVTNU. A sentenza é favorable ao concello, e contra ela non cabe interpoñer recurso algún.

12. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00000418V.

Dar conta das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas

Dase conta.

URXENCIA

1. Autorízase a Fundación Brandomil a publicar copias dos documentos do Fondo Antigo do Arquivo Municipal de Santiago, depositados no Arquivo Histórico Universitario, para o seu proxecto de Biblotecta Virtual de Brandomil.